


# Carteiro de todos

## “OS NÓSOS PAXAROS”

**CEIP Tarrío Culleredo**  
Aula de Medio Ambiente



Do 16 ao 28 de abril de  
2010

## OS NÓSOS PAXAROS (E AVES)

**A EXPOSICIÓN** que, como complemento á campaña de información, aprendizaxe e sensibilización que sobre os nosos paxaros e aves estamos a facer nestes dous últimos cursos e temos á vista consta de:

### A) Aportación do Museo da SGHN ( Ferrol)

Pola xentil mediación e colaboración de Juan Ignacio Díaz, membro da Sociedade Galega de Historia Natural, presentamos :

**23 aves momificadas e que están agrupadas como:**

- 1) AVES MARIÑAS : Corvo ariño, arao, gaivota tridáctila...
- 2) AVES RAPACES: Azor, falcón, miñado, cárabo, gabián, avelaiona.
- 3) AVES LIMÍCOLAS: Garza, alavanco, estorño, chorlito, zarapito, tordo, vencello...

Distintos troncos e toradas de árbores onde o PICAPINOS ou PETO busca o alimento o fai o seu niño.

Tamén numerosas pegadas de variadas aves, plumas, cranios e esqueletos.

Alimentos que consumen: piñas, noces, avelairas, caracois...

Varias láminas sobre paxaros e sobre o coidado e respecto pola natureza.



UCULLEREDO

## B) Cadros do naturalista e debuxante

Carlos Silvar



Carlos Silvar

Carlos Silvar é un recoñecido ilustrador de libros de natureza que para esta ocasión facilitounos 30 cadros que se expoñen por primeira vez nun Colexio de Primaria.

Na exposición podemos ver acuarelas sobre distintos temas e ambientes da natureza.

- 1) AVES e PAXAROS: Pega, martín peixeiro, avoceta...
- 2) ÁRBORES: Carballo, castaño, figueira, cereixo, sabugueiro...
- 3) MAMÍFEROS TERRESTRES e MARIÑOS
- 4) COGUMELOS
- 5) FENTOS
- 6) FLORES

Nunha vitrina aparte, mostranse varios dos seus "Cadernos de campo" que utilizou para o seu traballo. Tamén se amosan numerosas guías que ten publicadas.

Como ilustrou varios libros sobre animais podemos observar a acuarela orixinal duns leóns mariños e a súa reprodución no libro.

## C) Traballos dos alumnos

Tódalas alulas de E. Primaria e algunhas de E. Infantil presentan tamén a súa aportación plástica dalgúns dos nosos paxaros.



## D) As aves da Ría do Burgo (blog de A. Sandoval)

É un blog deseñado polo ornitólogo Antonio Sandoval no que, vai para seis anos ( 20 de decembro de 2004), iniciou un detallado e minucioso rexistro dos acontecementos e observacións de tódalas aves que invernan e nidifican na nosa ría.

Fai un traballo fantástico de divulgación e que se pode consultar na seguinte dirección : <http://avesdelariadoburgo.blogspot.com/>

As aves que cita poden observarse con facilidade dende o paseo marítimo e si se dispón duns simples prismáticos, e doado recoñecelas.

Ten elaborado catálogos das aves invernantes dende o ano 2005, e neste ano de 2010 ten registradas 4.071 aves.



## E) O Carballo de Baía Edicións

Baía Edicións é unha editorial galega que se fundou no ano 1990. Adícase á publicacións de, contos infantís, xogos, libros de texto literatura xuvenil e de adultos, ensaio e pensamento filosófico, gastronomía, e tamén ten un apartado sobre divulgación da natureza e temática ambiental con numerosas guías .

Facilitounos -aparte dalgúns libros sobre os paxaros e a natureza- un enorme mural dun carballo onde aparecen situados tódolos seres vivos que temos nas nosas e xa escasas carballeiras galegas e que permite realizar actividades de observación e localización de moitísimos seres vivos. O autor de dito mural é tamén Carlos Silvar.

A directora da Editorial é Belén López Vázquez, nai dun alumno do noso Colexio.